

PROXECTO DE INTEGRACIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN

1.- Descrición e características xerais do centro.

O IES Lucus Augusti foi, xunto co Seminario, o primeiro edificio escolar da zona. Hoxe na mesma zona atópanse: O Instituto "A Nosa Señora dos Ollos Grandes", o colexio público da Aneja, o IES Politécnico e o Seminario Diocesano. Un pouco máis apartados do IES Lucus Augusti, pero dentro da mesma zona, nun radio de 500 m., atópanse: os colexios públicos: Rosalía de Castro e Illa Verde, Montirón, o CIFP As Mercedes, e os colexios privados dos: "Maristas", "Josefinas", "Franciscanos" e "Fingoi".

Co crecemento da cidade, o Instituto "LUCUS AUGUSTI" pasou de ser un dos últimos edificios da cidade, pala súa zona oriental, a estar actualmente no centro da mesma. Está situado, pois, nunha zona cunha densidade de poboación relativamente alta e en constante expansión.

Situación xurídica.

Centro público, dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Órganos de goberno e de participación do centro.

O IES Lucus Augusti, na actualidade, componse dos seguintes órganos de goberno:

- ✓ O Director do centro.
- ✓ O Vicedirector.
- ✓ A Xefa de estudos de diúrno.
- ✓ O Xefe de Estudos de nocturno.
- ✓ O Secretario

O Consello Escolar.

O Consello Escolar e o órgano colexiado composto polo Director do centro, o xefe de estudos de diúrno, o xefe de estudos de adultos, 7 profesores/as, 2 alumnos/as, 2 pais e un 1 representante do Concello e 1 representante do persoal non docente.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica presidida polo director do centro, está integrada polos xefes/as dos diferentes departamentos didácticos, o xefe de estudos de diúrno e o xefe de estudos de adultos, os membros do departamento de orientación e o dinamizador da biblioteca.

O Claustro de profesores/as.

O claustro de profesores é o órgano que ten a responsabilidade de planificar, coordinar, informar, e no seu caso, decidir sobre os aspectos docentes do centro. Está formado na actualidade por un total de 92 profesores/as distribuídos en 21 departamentos didácticos que se detallan a continuación:

- Alemán
- Ciencias da natureza
- Economía
- Educación Física
- Filosofía
- FOL
- Física e Química
- Francés
- Grego
- Inglés
- Latín
- Lingua e Literatura Castelá
- Lingua e Literatura Galega
- Matemáticas
- Música
- Plástica e visual
- Relixión Católica
- Tecnoloxía
- Xeografía e Historia
- Familia Química (Ciclo)
- Orientación

Os alumnos/s.

O colectivo de alumnos/as que integra actualmente o IES Lucus Augusti de Lugo ten a seguinte configuración:

ESO		
Curso	Grupos	Nº Alumnos/as
1º	4	110
2º	4	100
3º	4	101
4º	4	80
PMAR	2	10
BAC		
Curso	Grupos	Nº Alumnos/as
1º	6	163
2º	6	150
ESA (Educación Secundaria de Adultos)		
Curso	Grupos	Nº Alumnos/as
ESA	2	30
BAC ADULTOS		
Curso	Grupos	Nº Alumnos/as
1º	2	32
2º	2	65
FORMACIÓN PROFESIONAL		
Curso	Grupos	Nº Alumnos/as
CICLO MEDIO DE LABORATORIO	3	31
CICLO SUPERIOR DE ANÁLISE E CONTROL	3	44
CICLO FP BÁSICA	1	
TOTAL DE ALUMNOS/AS		952

Os pais e nais dos/as alumnos/as. ANPA

O IES Lucus Augusti conta cunha asociación de pais/nais de alumnos/as, cunha Xunta Directiva constituída por unha Presidenta, Vicepresidente, Secretario e Tesoureira que coordina e dirixe as actividades relacionadas coas nais e pais dos/as alumnos/as.

O Persoal non docente.

O colectivo de persoal non docente ten a seguinte configuración:

- Administrativos/as: 2
- Persoal de limpeza: 4
- Conserxes: 4

Recursos do centro.

O IES Lucus Augusti dispón de 27 aulas de uso xeral e de 16 aulas de uso específico segundo se detalla a continuación:

AULAS DE USO ESPECÍFICO		
Aula	Conexións de rede RJ45/Wifi	Equipamento TIC
Laboratorio de Ciencias	2 + Wifi	1 Portátil AMD + 1 PC Pentium IV + Portátil Pentium i3 + Proxector + PDI
Laboratorio de Química	2 + Wifi	Pizarra Dix. Interactiva SMART + 1 Portátil Pentium IV + Proxector + 1 PC Pentium IV
Laboratorio de Física	2 + Wifi	1 PC Pentium IV + Proxector
Laboratorio de Microbioloxía	2 + Wifi	Proxector + Pentium i3 + PDI Prometean
Ensaio físicos	2 + Wifi	
Ciclo	2 + Wifi	3 PC Pentium IV + 3 PC PC Pentium III + 3 PC AMD + 1 PC Pentium II+ Pizarra Dix. interactiva + 4 Pentium i3
Música	2 + Wifi	2 Portátiles Pentium IV + Proxector + PD
Plástica e visual	2 + Wifi	Portátil Pentium i3 + Portátil AMD + Pizarra Dix. interactiva + Proxector
Audiovisuais	2 + Wifi	Pc AMD + Pizarra interactiva + Proxector
Tecnoloxía	2 + Wifi	20 PC Pentium IV + Proxector + Pizarra Dix. interactiva + 2 Portátil Pentium IV + impresora láser + impres. inxección + TV + R. Vídeo + escáner.
Informática	RAC	22 PC Pentium Quad core + PDI + Proxector
Usos múltiples	RAC + 22 Tomas RJ45	21 PC Pentium IV + Proxector + Pizarra interactiva + Equipo videoreproduct. + Impresora multifunción + radiocasette + reproductor de DVD.
Sala de lectura	2 + Wifi	Portátil i3 + PDI
Aula de apoio	2 + Wifi	2 PC Pentium IV + Impresora Láser color
Alemán	2 + Wifi	Portátil Pentium IV + Proxector + PDI
Inglés	2 + Wifi	Portátil Pentium I3 + Proxector + PDI

Tódalas aulas de uso xeral están dotadas con 2 tomas de rede RJ45 e ademais, dispoñen de cobertura de rede Wifi operativa conxuntamente coas aulas de uso específico en aproximadamente un 80% do total. Ademais tódalas aulas xerais están dotadas de proxector e pantalla dixital.

OUTRAS DEPENDENCIAS		
Dependencia	Conexións RJ45	Equipamento TIC
Museo Pedagóxico Galego	Wifi	Ordenador Pentium IV
Biblioteca	2 + Wifi	1 PC Pentium IV + 2 Portátiles Pentium IV + 6 Portátiles Pentium i3 + Impresora Matricial + Impresora Láser.+Impresora Inxección + escáner
Sala de profesores	8 + Wifi	3 PC Pentium IV + Pentium i3 + 3 Pentium i5 + 3 Impresoras láser + escáner
Salón de actos	Wifi	Portátil Pentium IV + Proxector + Audio/vídeo
Sala de xuntas	2 + Wifi	PC Pentium i5 + impresora láser
Despacho dirección	1 + Wifi	1 PC i3 + impresora laser + Portátil Pentium i5
Despacho Vicedirección	2 + Wifi	
Xefatura de estudos	4 + Wifi	2 PC Pentium IV + 1 PC AMD + 2 Impresora Laser
Despacho secretario	2 + Wifi	PC Pentium i3+ impresora láser
Oficinas	4 + Wifi	2 PC Pentium IV + Impresora láser
Conserxería	2 + Wifi	2 PC Pentium IV
2 Salas recepción de pais	Wifi	
Cafetería	Wifi	
AULAS DE 1º E 2º DE ESO		
Aula	Conexións RJ45/Wifi	Equipamento TIC
1º ESO	2 + Wifi ABALAR	4 AULAS DOTADAS CON: 1 Portátil Pentium I3 + 1 Microportátil por cada alumno/a + PDI + carro de carga
2º ESO	2 + Wifi ABALAR	4 AULAS DOTADAS CON: 1 Portátil Pentium I5 + 1 Microportátil por cada alumno/a + PDI + Carro de carga
AULAS DE 3º DE ESO E 1º DE BAC		
Aula	Conexións RJ45/Wifi	Equipamento TIC

3º ESO	2 + Wifi	4 AULAS DOTADAS CON: 1 Portátil Pentium I5 + PDI
4º ESO	2 + Wifi	4 AULAS DOTADAS CON: 1 Portátil Pentium I5 + PDI
1º BAC	2 + Wifi R	6 AULAS DOTADAS CON: 1 Portátil Pentium I5 + PDI
2º BAC	2 + Wifi	6 AULAS DOTADAS CON: 1 Portátil Pentium I3 - I5 + PDI
DEPARTAMENTOS		
Dependencia	Conexións RJ45/Wifi	Equipamento TIC
Departamento de Galego	2	1 Portátil AMD + PC Pentium III + PC Pentium i3 + Impresora Láser. + Portátil Pentium IV
Departamento de Filosofía	2	1 PC Pentium IV + Impresora inxección.+ Portátil Pentium IV
Departamento de Francés	2	2 Portátiles Pentium IV + 1 TV + Reprodutor DVD + Reprodutor de vídeo + 2 reprodutores de CD. + PDI
Departamento de Latín	2	1 PC AMD + Impresora inxección + escáner. + Portátil Pentium IV
Departamento de Matemáticas	2	6 Portátiles + 1 Impresora inxección. + PDI
Departamento de Inglés	2 + 10	1 PC AMD + Impresora Láser. +PDI Smart PC Pentium IV + Impresora láser + Portátil Pentium IV
Departamento de Física e Q.	2 + Wifi	2 PC Pentium IV + Impresora láser
Normalización Lingüística Departamento de Bioloxía	4 + Wifi 2 + Wifi	2 PC Pentium IV + Impresora láser 2 PC Pentium III + Impresora multifunción
Departamento de Orientación	2 + Wifi	3 PC Pentium IV + 3 Impresoras + Portátil P IV
Departamento de N. Ling.	2 + Wifi	1 PC AMD + Impresora inxección.
Departamento de Relixión	Wifi	1 PC Pentium III + Impresora inxección.+ Portátil AMD
Departamento de economía		2 Portátiles AMD + Portátil Pentium IV

2.- Iniciativas e experiencias realizadas.

Son considerables as iniciativas e experiencias levadas a cabo no entorno das TIC cos alumnos do centro por parte dun número importante de profesores e profesoras que cada ano se está a incrementar, como é o caso dos departamentos de idiomas (alemán, francés e inglés), historia, plástica e visual, matemáticas, tecnoloxía, bioloxía, ciclos de química e de filosofía, entre outros, aínda que practicamente en maior ou menor medida poderíamos afirmar que hai profesores ou profesoras implicados en practicamente a totalidade dos departamentos didácticos.

No curso **2009/10** desenvolveuse no Centro un PFAC denominado **“ELABORACIÓN DE MATERIAL MULTIMEDIA PARA A PRÁCTICA DOCENTE”**, no que participaron **45 profesores/profesoras** e se traballaron os seguintes contidos:

- *Elaboración de unidades didácticas.*
- *Aplicacións de ofimática.*
- *Elaboración de presentacións.*
- *A Web 2.0*
- *Vídeo.*
- *Galerías de fotos.*

Durante o curso **2010/11**, os/as alumnos/as de 1º de ESO xa dispuxeron do equipamento da aula ABALAR e o profesorado implicado asistiu a un Curso-Obradoiro coordinado e impartido polo Coordinador ABALAR que se desenvolveu dende outubro de 2010 ata maio de 2011 e no que se traballaron os seguintes contidos:

- ✓ **Introdución a aula ABALAR:** *Encerado Dixital Interactivo. Utilización do software Notebook: Barra de ferramentas, capturadoras, galerías, busca e aproveitamento de actividades.*
- ✓ **Introdución ao sistema operativo Ubuntu:** *Arranque e instalación de ubuntu, manexo básico de ficheiros e carpetas, configuración básica, repaso do software instalado, navegadores, internet, correo electrónico, etc.*
- ✓ **Manexo básico de software libre:** *Paquete ofimático (OpenOffice), Editores de Vídeo, Editor de imaxes (Gimp), etc.*
- ✓ **Plataforma de contidos educativos:** *O servidor do centro. Introducción á plataforma de e-learning “Moodle”: Creación dun curso. Módulos e contidos transmisivos. Módulos e contidos interactivos. Módulos e contidos colaborativos. Módulos de comunicación*
- ✓ **Web 2.0:** *Ferramentas na rede: Creación dun blog e webquest.*

Durante o cursos **2011/12/13/14/15**, os/as alumnos/as de 1º E 2º de ESO xa dispuxeron do equipamento da aula ABALAR e os de 3º e 4º de ESO, 1º e 2º de BAC de PDI na aula e o profesorado implicado asistiu a diversas sesións de manexo e funcionamento das aulas ABALAR e de manexo de PDI Prometean, coordinadas e impartidos polo Coordinador ABALAR e persoal técnico de Prometean, que se desenvolveron dende outubro de 2013 ata maio de 2015.

No curso 2018/19 o IES Lucus Augusti incorporouse ao proxecto E-Dixgal en primeiro curso de ESO nas materias de: Programación; Bioloxía, Plástica e Visual, Valores Éticos, Relixión, E. F. e Xeografía e Historia.

No curso 2019/20 ademais das materias do curso 2018/19 incorporanse as de Tecnoloxía, Música e Física e Química ao proxecto E-Dixgal

Por outra parte hai que destacar que tódolos alumnos e alumnas que cursan a ESO no IES Lucus Augusti de Lugo, teñen como materia obrigatoria en 2º e 3º curso a asignatura de Tecnoloxías, na que o seu DCB adica aproximadamente preto do 50% dos seus contidos en cada un dos cursos ás TIC, desenvólvense actividades relacionadas cos paquetes de ofimática máis básicos (Microsoft Office e LibreOffice), nas que se manexan procesadores de texto, follas de cálculo, bases de datos, aplicacións de deseño gráfico, internet, correo electrónico, buscadores, chat e videoconferencia, etc. Isto pon de manifesto que a practica totalidade do alumnado do centro ten unha formación inicial completa e suficiente como para poder integrar o uso das TIC en calquera área ou materia.

3.- Expectativas e interese de cara ao futuro.

Crear e desenvolver un “**Proxecto para a ampliación e mellora do proxecto TIC**”, que co compromiso expreso e a coordinación do dinamizador TIC e Coordinador ABALAR, será supervisado pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP).

Este proxecto contempla que no último trimestre do curso deberá de realizarse un seguimento e avaliación do desenvolvemento do proxecto TIC, que dividiremos en tres fases:

Cada un dos departamentos implicados estudiará os seguintes aspectos:

- Experiencias realizadas
- Grado de cumprimento da programación do proxecto TIC e dos seus obxectivos.
- Problemas e dificultades atopadas.
- Solucións dadas ás dificultades atopadas.
- Novas propostas de mellora e de ampliación

Posta en común na CCP do seguimento realizado por cada departamento. Conclusións e propostas.

Informe ao Consello Escolar das conclusións elaboradas pola CCP.

Ao final do ano académico realizarase (polos mesmos órganos e co mesmo procedemento) unha avaliación global do desenvolvemento do Proxecto TIC. As conclusións incorporaranse á Memoria Final de Curso e servirán de base para as actualizacións contempladas no Plan Anual do Centro do curso seguinte.

4.- Xustificación do proxecto. Referencias legislativas.

O uso das tecnoloxías da información e a comunicación ten que supor un cambio no modo de entender a ensinanza na súa totalidade e na maneira na que interactúan os niveis que a configuran. Experimentando unha necesidade de ofrecer outros modelos pedagóxicos (non só discurso, e uso do xiz e encerado) á comunidade educativa. Na sociedade actual, onde prima a información, a imaxe, a globalización, a comunicación o ensino non debe ofrecer métodos arcaicos para a formación e educación da cidadanía que ten que integrarse na sociedade actual. Ademais, a posta en marcha das TIC na educación supón a posibilidade de maiores e mellores educativos e unha nova organización dos centros. O centro educativo como unidade organizativa posúe factores que favorecen ou dificultan a implantación das TIC no proceso de ensino-aprendizaxe.

As Tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) son, hoxe en día imprescindibles e forman parte da cultura tecnolóxica que nos rodea e abarca todos os ámbitos da sociedade. De maneira que tamén se manifesta de maneira moi especial nas actividades laborais e no mundo educativo, posto que se converten nun instrumento cada vez mais indispensables.

O uso das tecnoloxías da información e a comunicación ofrecen vantaxes tanto no ámbito do alumnado como no ámbito do profesorado. No caso do alumnado, podemos sinalar, como mais significativas:

- ✓ Permite deseñar distintos niveis de ensinanza para a mesma clase.
- ✓ No caso de alumnado con problemas de comportamento, mellóranse as súas habilidades sociais, vai ter que realizar tarefas nas que debe relacionarse.
- ✓ Participación activa .
- ✓ A información cáptase por medio de canles máis variados e atractivos: son, imaxe, cor...
- ✓ Auméntase a súa autoestima , o traballo realizado pódese mostrar os demais co apoio das novas tecnoloxías.
- ✓ Traballo en cooperación.
- ✓ Alfabetización dixital e audiovisual.

- ✓ Desenvolvemento de habilidades de busca e selección de información.
- ✓ Maior proximidade do profesor/a

Polo que respecta ao profesorado:

- ✓ Unha ensinanza máis activa nas aulas.
- ✓ Deseño dos materiais escolares máis atractivos.
- ✓ A modificación e actualización destes materiais e máis sinxela.
- ✓ O clima da clase mellora xa que o alumnado está máis activo.
- ✓ O traballo en equipo e coordinación do profesorado e máis fácil.
- ✓ Permite que o alumnado con déficit realice tarefas máis sinxelas, están activos e evitando a seu abandono.

Pero tamén cabe sinalar que o emprego das TIC supón unha serie de desvantaxes que deben de ser tidas en conta a hora da súa aplicación.

Para o alumnado:

- ✓ Illamento, adición, cansazo visual e outros problemas físicos.
- ✓ Recursos educativos con pouca potencialidade didáctica.
- ✓ Esfuerzo económico.

Para o profesorado:

- ✓ Estrés
- ✓ Desenvolvemento de estratexias de mínimo esforzo.
- ✓ Problemas de mantemento dos ordenadores.
- ✓ Esixen unha maior dedicación.
- ✓ Necesidade de actualizar equipos e programas.

Por outra banda, a LOE nos seus artigos 24.7 e no 25.5 di: “Sin perjuicio de su tratamiento específico en algunas de las materia de la etapa, la comprensión lectora, la expresión oral y escrita, la comunicación audivisual, las tecnologías de la información y la comunicación y la educación en valores se trabajarán en todas las áreas.”. E no artigo 33, referíndose aos obxectivos do bacharelato, no seu apartado g) di: “Utilizar con solvencia y responsabilidad las tecnologías de la información y la comunicación.” Este proxecto enmarcase nas accións que se dispoñen na Lei orgánica de educación, e máis concretamente axústanse ao disposto no Anexo VI do Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

5.- Obxectivos que se pretenden alcanzar.

Xerais

A finalidade deste proxecto é o de que as tecnoloxías da información e a comunicación se incorporen como un recurso máis aos procesos de ensino-aprendizaxe, cun obxectivo claro de que implique un cambio metodolóxico e unha adaptación á realidade para un mellor aproveitamento das posibilidades que estas tecnoloxías da información e a comunicación ofertan.

Os obxectivos xerais que se pretenden alcanzar son os seguintes:

- ✓ Fomentar a páxina web do centro...
- ✓ Coordinar a acción do profesorado das distintas áreas en relación ao traballo coas TIC .
- ✓ Impulsar a comunicación con outros centros e localidades.
- ✓ Facilitar o acceso a esta ferramenta por parte do alumnado con necesidades especiais de apoio educativo e nas tarefas e apoio e reforzo educativo.
- ✓ Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.
- ✓ Utilizar programas e contornos que faciliten a consecución dos obxectivos propostos nas diferentes áreas do currículo.
- ✓ Fornecer ao alumnado de estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das tecnoloxías da información e a comunicación.
- ✓ Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
- ✓ Potenciar a comunicación cos seus iguais.
- ✓ Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente ao aproveitar as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e a comunicación.
- ✓ Empregar as tecnoloxías da información e a comunicación para o traballo cotián e as actividades de aula.
- ✓ Consultar e obter información a través das TIC.
- ✓ Intercambiar experiencias, coñecementos, iniciativas... en diversas redes de colaboración como a internet.
- ✓ Lograr a integración das tecnoloxías da información e a comunicación como medio dinámico de comunicación.
- ✓ Poñer en marcha mecanismos para aproveitar a infraestrutura tecnolóxica a disposición de nais e pais para favorecer a adquisición dos coñecementos necesarios para un uso proveitoso das TIC.
- ✓ Favorecer a superación das limitacións de acceso ás TIC.

A curto prazo.

Os obxectivos que se pretenden alcanzar a curto prazo son os seguintes:

- ✓ Optimización dos recursos TIC do centro.
- ✓ Utilización e optimización do material TIC dos departamentos didácticos.

- ✓ Fomentar o uso das TIC como ferramenta docente.
- ✓ Dinamizar a aplicación do proxecto TIC na práctica docente e nas relacións da comunidade educativa.
- ✓ Familiarizar ao profesorado interesado na utilización dos recursos dispoñibles para o seu uso como son a aula virtual e o servidor do centro.
- ✓ Perseguir unha formación flexible e actualizada dos/as profesores/as.
- ✓ Dinamización da páxina web por parte dos distintos departamentos didácticos.
- ✓ Facilitar a cumprimentación de documentos administrativos como a matrícula, permisos, etc., a través do espazo Secretaria Virtual.
- ✓ Perfeccionar o manexo da aplicación XADE e afondar noutros recursos co fin de axilizar a xestión do historial académico, informes, notas do alumnado, etc. (Deste xeito o profesorado non dependerán dos/as titores/as para o control do seu alumnado).
- ✓ Integrar os cambios metodolóxicos necesarios encamiñados a unha metodoloxía activa a través das TIC (programacións, unidades didácticas, etc.).
- ✓ Emprego das TIC por parte de cada unha das materias alomenos unha vez ao mes para diversificala metodoloxía das asignaturas e abordar o temario con medios máis afíns ao contexto sociocultural do alumnado.

A longo prazo.

Os obxectivos que se pretenden alcanzar a longo prazo son os seguintes:

- ✓ Formar e animar ao profesorado ata conseguir unha utilización completa das TIC.
- ✓ Potenciar o uso do software GPL.
- ✓ Facilitar o acceso ás TIC do alumnado con necesidades especiais e a os de apoio educativo, PCPI, etc.
- ✓ Informatizar e automatizar a xestión administrativa do profesorado de forma individualizada mediante aplicacións ligadas ao XADE.
- ✓ Promover experiencias multidisciplinares con outros centros educativos.
- ✓ Canalización do contido das materias a través das TIC na práctica diaria.
- ✓ Incrementar o N° de aulas dotadas con ordenadores para os alumnos.

6.- Metodoloxía proposta e actividades a desenvolver.

Empregaranse ferramentas TIC na procura de mellorar a tarefa educativa e a motivación do noso alumnado. Para elo propónse unha metodoloxía activa e de investigación na rede.

O proceso de ensino aprendizaxe en cada área é distinto, polo que a utilización das TIC será diferente. Pero existen uns aspectos metodolóxicos que son comúns a tódalas materias que son os seguintes:

Busca de información

Unha busca de información, que se realizará tanto individualmente como en grupos, que irá dirixido á realización de traballos e actividades, ampliación de coñecementos,... Internet é a maior fonte de información que a comunidade educativa ten hoxe en día. É importante ensinar o alumnado a buscar datos na rede xa que a cantidade de información obtida é moi grande pero tamén pode ser contraditoria, tendo que seleccionar e discriminar as distintas informacións recibidas.

Realización de traballos, actividades e proxectos:

A busca de información non pode quedar nunha mera busca de datos. A información hai que aproveitala e intentar utilizala. Para iso é necesario a elaboración de traballos, actividades e proxectos que poden ser individuais ou en grupo.

Estas tarefas desenvolveranse usando os distintos recursos que nos ofrecen as TIC: procesadores de textos, programas de deseño, follas de cálculo.

Os traballos realizados poderán ser incorporados á páxina WEB do centro o que suporía unha motivación para eles, que pode influír positivamente no proceso de aprendizaxe.

Uso de programas, vídeos e xogos educativos:

A cantidade de software educativo que existe hoxe en día na rede é moi numeroso. Este software que se pode utilizar para o desenvolvemento das clases, e ademais adaptase ás necesidades educativas do noso alumnado xa que, na súa maioría, contemplan un amplo abano de niveis educativos, o que fai que un mesmo programa poida servir para atender a todo o alumnado e que cadaquén poida avanzar a un ritmo distinto, respectando en maior medida a diversidade.

Cada área terá programas distintos e cada departamento buscará os que mais se adapten as necesidades do noso alumnado.

Con respecto as actividades a desenvolver intentarase que cada materia de cada curso poida acceder como mínimo unha vez a semana a unha sala que teña ordenadores para poder utilizar as distintas metodoloxías antes expostas.

Cursos de formación, grupos de traballo.

Creación dun repositorio de material por departamentos no que se integren publicacións e traballos dos/as alumnos/as.

Creación dun grupo de traballo que dinamice e impulse no centro as iniciativas no ámbito das tecnoloxías da información e a comunicación e a páxina web, coordinado polo/a dinamizador/a TIC.

As actividades previstas para a integración das TIC pódense resumir en:

- ✓ Como recurso didáctico de apoio: presentación de modelos teóricos, simulacións gráficas, experiencias virtuais, presentación de datos, etc.
- ✓ Para busca de información: enciclopedias dixitais, buscadores de internet, páxinas web, etc.
- ✓ Como soporte de presentación de actividades: procesadores de textos e programas para presentacións multimedia.
- ✓ Para o uso específico dalgún software: follas de cálculo, interfaces, etc.
- ✓ Como medio de comunicación: utilizando a páxina web do centro, onde o profesor colgará documentos par o uso do alumnado e estes subirán as tarefas e producións, así como a comunicación con outros profesores e outros centros.
- ✓ Como ferramenta para a proposta de actividades de reforzo educativo: sendo o mundo das TIC máis significativo, funcional e motivante para o alumnado.

7.- Iniciativas pedagóxicas innovadoras.

Como iniciativa pedagóxica innovadora prevese o incremento do uso da **aula virtual** integrada no espazo web do centro. A aula Virtual é unha aplicación para xestionar recursos de grupos de docentes que ofrecen a posibilidade de compartir documentos, crear foros de discusión, notificar por correo electrónico ou presentar traballos propios ou de grupos, entre outras opcións.

A función básica do Aula Virtual é dar soporte ás distintas materias dos plans de estudo que compoñen a oferta educativa do centro, axudando aos profesores/as a publicar os seus materiais docentes en formato electrónico, facéndoos accesibles para os seus alumnos, vía Internet.

Por outra parte o centro conta cun servidor propio para a rede ABALAR que tamén no que se debe de incrementar os recursos propios para o alumnado do centro, ademais dos recursos postos a disposición pola Consellería de Educación

8.- Estratexias de coordinación do profesorado das distintas áreas e niveis educativos.

A coordinación entre as distintas áreas e niveis educativos levarase a cabo a través dos departamentos didácticos. Cada departamento didáctico deberá designar unha profesora ou profesor enlace cos membros do equipo TIC, para acercar dúbidas, suxestións e en especial procesar tarefas do alumnado cara a Web.

Trimestralmente realizarse unha xuntanza do grupo de traballo TIC responsable do uso e fomento das TIC no centro, acadando nestas reunións estratexias para por en práctica o bo funcionamento do proxecto. Ao mesmo tempo

recolleranse novas propostas que vaian xurdindo, reflectindo as dificultades atopadas para tentar buscar as solucións axeitadas.

9.- Organización dos espazos do centro.

Tal e como se especifica no punto 1.9 deste proxecto, o IES Lucus Augusti dispón de 27 aulas de uso xeral e de 16 aulas de uso específico, resultando na actualidade que as citadas aulas contan cun nivel de equipamento TIC aceptable (ordenador do profesor e PDI), pero que en calquera caso deberá de elaborarse un plan de renovación do equipamento do centro en canto a que este pode quedar obsoleto nun espazo de tempo moi breve.

Polo que respecta a infraestrutura de rede, recentemente a Consellería de Educación levou a cabo a instalación de 174 puntos de conexión LAN, distribuídos en 4 VLAN,s: administración (16 puntos de conexión), profesorado (26 puntos de conexión), docencia (132 puntos de conexión) e wifi con varios puntos de acceso que dan cobertura a unha boa parte das instalacións do centro. Esta infraestrutura conecta por cable á rede LAN tódalas aulas e laboratorios do centro, así como aos departamentos didácticos e outras dependencias. No resto de instalacións, como é o caso do salón de actos ou o museo pedagóxico, a conexión está garantida mediante wifi.

Co obxectivo de mellorar a infraestrutura TIC dos espazos do centro, propóñense as seguintes medidas de actuación:

- ✓ ***Actualización do material informático dos departamentos didácticos.***
- ✓ ***Actualización adecuada dos equipamentos TIC , tanto nas dependencias con dotación actual como nas que se doten no futuro.***
- ✓ ***Ampliación do N° de ordenadores portátiles na biblioteca ata 12.***
- ✓ ***Ampliación do N° de ordenadores da sala de profesores ata 10 equipos.***
- ✓ ***Renovación de ordenadores nas aulas de informática e tecnoloxía.***

10.- Utilización e aproveitamento dos recursos existentes do centro.

De todos é ben coñecida a falta de recursos TIC no centro para un desenvolvemento axeitado da actividade docente mediante o emprego destas tecnoloxías, motivo este máis que suficiente para deseñar un proceso que optimice o aproveitamento, tanto dos recursos existentes como dos que se dispoña nun futuro. Para elo propóñense as seguintes medidas de actuación:

- ✓ ***Elaboración dun calendario mensual para a utilización das aulas con equipamento en TIC en horario dispoñible fora das sesións que impar-***

ten clase as materias específicas para que tódalas materias teñan a oportunidade de acceder estes recursos.

- ✓ Un maior aproveitamento dos equipamentos informáticos dos departamentos didácticos para liberar a carga dos equipos da sala de profesores para que estes queden dispoñibles para outras tarefas puntuais. A tal fin acondicionárase na sala de profesores un local para os ordenadores portátiles dos diferentes departamentos para facilitar o uso dos mesmos na actividade docente.

11.- Medidas para promover o acceso ás TIC.

- ✓ A medida fundamental e xenérica é incrementar o uso da web do Centro. A través dela canalizarase todo tipo de recursos e experiencias ao mesmo tempo que será o nexa común de comunicación de e entre toda a Comunidade Educativa.
- ✓ Creación dun **plan de revisión e adecuación do Proxecto Curricular de Centro ás TIC**. Este proxecto abarcaría os dous ciclos da ESO o Bacharelato, PCPI, ciclos e a educación de adultos. Trátase de revisar e adaptar os distintos proxectos curriculares ás TIC a través de dous documentos:
 1. *Apartados xerais do plan, incluídos no Proxecto Curricular de Centro.*
 2. *Programacións dos departamentos didácticos. Unidades didácticas.*

Para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Pódese aproveitar a experiencia dos casos actuais. Nestes, o Centro facilita portátiles para que poidan realizar durante os períodos lectivos as tarefas e os traballos que lles son ofrecidos polos diferentes profesores. Igualmente, a través da web (aula virtual), terán ao seu dispor unha serie de actividades complementarias e ligazóns para, de querer, poder continuar na casa.

Para o tratamento da diversidade ou persoas de diferentes condicións sociais.

- ✓ Apoio e asesoramento na navegación en Internet e consulta de información a través das novas tecnoloxías.
- ✓ Apoio e asesoramento no uso de programas informáticos de carácter xeralista (procesadores de texto, programas gráficos, enciclopedias online, etc.).
- ✓ Apoio na xestión e utilización dos medios informáticos e de novas tecnoloxías a aqueles membros da comunidade escolar que o requiran.
- ✓ Facilitar os pais/nais/titores a cumprimentación administrativa virtual do maior número de trámites posibles a través da páxina web do centro.
- ✓ Creación de materiais curriculares e recursos didácticos especiais para alumnado con necesidades de aprendizaxe, especialmente para rapaces que precisen actividades de reforzo.

- ✓ Creación de materiais por parte do alumnado e profesorado que se poden compartir e mellorar a colaboración entre todos para favorecer o traballo cooperativo.

Para os pais e nais dos/as alumnos/as.

Levaranse a cabo, ao comezo do curso, en colaboración coa ANPA, unhas “Xornadas para Nais e Pais”, nas que se lles ensinará a aproveitar a infraestrutura do Centro e, sobre todo, o funcionamento da Web para levar a cabo os principais procesos administrativos e manter unha comunicación fluída co Centro (ter contacto cos titores para pedir cita, xustificar as faltas de asistencia ou comprobar as notas...), espazo ABALAR familias, etc.

Para o persoal de administración e servizos.

Deseñarase un plan de formación previa consulta das necesidades do persoal de administración e servizos. Ditas actividades poderanse levar a cabo conxuntamente con outros colectivos da comunidade educativa.

12.- A biblioteca escolar como centro de recursos multimedia.

A biblioteca do IE Lucus Augusti conta na actualidade cunha colección de máis de 30.000 volumes. No curso 2009/10 levouse a incorporación da mesma a rede pública de bibliotecas de Galicia integrada no proxecto MEIGA, xestionado pola Consellería de Cultura.

Nesta rede os usuarios teñen a posibilidade de acceder a redes virtuais de bibliotecas, chats, mensaxes, conversas, comunicación co mantemento, consulta dos catálogos, incorporación de rexistros, etc., e todo en tempo real. O motor de busca web e o editor dixital de bases de datos son outros dos produtos MEIGA. Dada a súa flexibilidade e adaptabilidade está instalado en distintos tipos de bibliotecas: museos, fundacións, asociacións culturais, etc., pódese utilizar como ferramenta pedagóxica na aula, en programas de fomento da lectura, contando cun amplo respaldo da Comunidade Educativa.

13.- Formación do profesorado.

Detección de necesidades formativas.

Cada curso académico e durante o mes de abril realizarase unha enquisa que recolla as necesidades formativas do profesorado que serviran de base para a elaboración do plan de formación a desenvolver durante o curso seguinte.

Plan de formación interno do centro.

Unha vez coñecidas as necesidades formativas do profesorado levarase a cabo a elaboración do plan de formación interno do centro para o curso seguinte. Este plan de formación debera de estar elaborado antes do mes de xuño para que poida ser posto en práctica ao comezo de curso seguinte.

O plan anual de formación interna do centro ha de perseguir os seguintes obxectivos:

- ✓ Potenciar a formación de habilidades específicas de TIC.
- ✓ Secuenciar os procesos de formación cun currículo xerarquizado concentrándose primeiro en habilidades tecnolóxicas básicas, para incorporar en niveis sucesivos as habilidades pedagóxicas necesarias para a integración das TIC.
- ✓ Incrementar a formación pedagóxicas que acompaña aos aspectos técnicos nas TIC.
- ✓ Incentivar a formación dos profesores/as e facelas mais accesibles.
- ✓ Revisar e potenciar a formación nas TIC na formación inicial dos profesores.

O plan anual de formación interna do centro ha de incluír tódalas actividades a desenvolver durante o curso e, en calquera caso, ha de contar alomenos coa seguinte información:

Ademais, este plan debe de diferenciar as actividades en función do grao de preparación inicial dos participantes como de iniciación, perfeccionamento e ha de indicar a que colectivo ou colectivos van destinadas.

O plan anual de formación interna do centro deberá ser informado pola Comisión de Coordinación Pedagóxica e aprobado polo Consello Escolar.

14.- Actividades de formación e de difusión das TIC para o curso 2019/20.

En calquera caso, e dentro da implantación do Proxecto ABALAR no centro, levaranse a cabo as seguintes actividades de formación impartidas polo Coordinador ABALAR do centro:

- Infraestrutura da aula ABALAR - E-Dixgal. Equipamento. Protocolos de utilización e funcionamento.
- A Pizarra Dixital Interactiva. Conexiónado, manexo e funcionamento do software da pizarra.
- O servidor do centro. Infraestrutura da intranet do centro. Manexo e creación de recursos propios polo profesorado.
- A Aula virtual do centro. Plataforma MOODLE, manexo, infraestrutura, e creación de recursos.
- O espazo ABALAR familias. Utilización e manexo dos recursos deste espazo.
- O Libro dixital.

- A páxina Web do centro.

Estas actividades estarán dirixidas principalmente ao profesorado que imparte docencia en 1º e 2º da ESO, aínda que ás mesmas poderá asistir calquera que o desexe e desenvolveranse principalmente entre os meses de outubro e marzo.

Ao longo do curso 2019/20 están previstas a seguintes actividades en xeral:

- Xornadas formativas de manexo de PDI Prometean (setembro-novembro)
- Xornada divulgativa do Proxecto E-Dixgal para pais/nais e profesorado, (1º Trimestre).
- A Aula virtual do centro. Plataforma MOODLE, manexo, infraestrutura, e creación de recursos, (2º trimestre).
- O servidor do centro. Infraestrutura da intranet do centro. Manexo e creación de recursos propios polo profesorado. (2º Trimestre).

15.- Difusión do plan de integración das TIC.

Basicamente o plan de integración das TIC difundirase a través da páxina web do centro, departamento de orientación, biblioteca, sala de lecturas, titores/as, sala de profesores/as e a posta dun exemplar en conserxería/administración a disposición de quen o queira consultar.

16.- Plan de avaliación anual.

Na memoria do plan valorarase a incidencia das TIC ou a falta de recursos na práctica docente. Algúns dos aspectos aos que atenderá a avaliación da práctica dos coordinadores docentes das TIC son os seguintes:

- ✓ Organización e coordinación do equipo de coordinación docente cos profesores, alumnos e pais..
- ✓ Planificación das tarefas.
- ✓ Dotación e distribución de recursos materiais e tempos.
- ✓ Ambiente de traballo e de participación (coordinación docente-profesores, coordinación docente-alumnos, coordinación docente-pais, persoal non docente).

Os procedementos e instrumentos para a súa avaliación son.

- ✓ Cuestionarios aos alumnos, profesores e pais.
- ✓ Intercambios orais como entrevistas con alumnos, entrevistas e reunións con pais e profesores.

- ✓ Resultado do proceso de integración das TIC nas aulas.

Co fin de establecer unha avaliación plena de todo o plan, teranse en conta os seguintes indicadores:

- ✓ Desenvolvemento no centro do plan.
- ✓ Relación de obxectivos acadados.
- ✓ Adecuación de obxectivos e estratexias ao proceso de ensino-aprendizaxe.
- ✓ Adecuación das TIC ás necesidades reais do centro.
- ✓ Resultado do proceso de aprendizaxe dos alumnos.